

---

## Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 27 de febreiro de 2018

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 27/02/2018
- II. Asistentes á CGIC do 27/02/2018
- III. Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17
- IV. R2-PE02P1 Informe de responsables académicos
- V. R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2017.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

## 2. Informe da Coordinadora.

- O 18 de decembro de 2017 celebrouse unha reunión da Comisión Académica de Calidade na que se trataron os seguintes temas:
  - Rematado o primeiro programa de avaliación da actividade docente Docentia quinquenal obtívose o seguinte balance:  
 $278 \text{ presentados} = 196 \text{ avaliados} + 47 \text{ renuncias} + 35 \text{ excluídos}$   
A principios de 2018 sairá unha nova convocatoria de Docentia quinquenal. Estase a modificar o manual do procedemento.
  - Aprobada a Guía de metodoloxías e sistemas de avaliación:  
[http://uvigo.gal/uvigo\\_gl/estudos/implantacion/](http://uvigo.gal/uvigo_gl/estudos/implantacion/)  
Este é un documento de referencia para a elaboración das memorias dos títulos e das guías docentes. Para modificar algunha metodoloxía/sistema de avaliación na guía docente dunha materia, habería que notificalo no proceso de seguimento do título.
  - Evolución do modelo institucional do SGC. Quérese cambiar o modelo para Orientalo á acreditación institucional. Isto supón un cambio no manual de calidade e nos procesos. A principios de 2018 farán unha convocatoria para formar unha comisión e o proceso continuará durante os cursos 2018-19 e 2019-20
  
- O 5 de febreiro de 2018 o Consello de Goberno aprobou o Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso 2019/2020. A data límite da declaración de intereses o 28 de febreiro de 2018. Toda a información pódese consultar en:  
[https://www.uvigo.gal/uvigo\\_gl/estudos/implantacion1920/](https://www.uvigo.gal/uvigo_gl/estudos/implantacion1920/)
  
- O 13 de febreiro de 2018 a Área de Calidade da UVigo achegou a Guía de avaliación para o seguimento e a renovación da acreditación de títulos oficiais de grao e mestrado elaborada pola ACSUG. Nesta escola, o Mestrado en Enxeñaría de Minas sométese a proceso de acreditación. as visitas das comisións de acreditación terán lugar a partir do 15 de maio.
  
- O 22 de febreiro de 2018 recibíuse o informe de resultados de Docentia (avaliación anual obrigatoria). O detalle, por titulación, amósase na seguinte táboa:

	Nº Profesorado	Nº Avaliado	% Avaliado	Moi favorable	Favorable	Suficiente	Desfavorable
Grao EE	65	51	78.5%	8	34	3	6
Grao ERME	28	19	67.9%	3	14	1	1
Mestrado Enx Minas	28	27	96.4%	3	23	1	0
Mestrado Xeoinformática	11	8	72.7%	1	5	0	2

3. Aprobación, se procede, do Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17.

Enviose por correo electrónicos previamente á celebración da reunión (Anexo III). O informe presentado hoxe para a súa aprobación é resultado do traballo conxunto da coordinadora do título, a coordinadora dos cursos, a profesora-titora que participa no Plan de Acción Titorial e a Comisión Académica do Mestrado. A información recollida é plasmada no informe de coordinación permitindo así a reflexión e valoración do desenvolvemento das actividades docentes e de organización. Froito desta reflexión xorden os resultados, análises e propostas de mellora incluídos no informe.

A Comisión aproba por asentimento o Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R2-PE02P1 Informe de responsables académicos.

Este informe (Anexo IV) foi enviado pola Área de Calidade da UVigo e recolle os resultados acadados polo profesorado que se presentou á avaliación, voluntaria e quinquenal, Docencia. Amósase na seguinte táboa os resultados acadados para a escola:

	Moi favorable	Favorable	Suficiente	Desfavorable	Sen avaliar	Total
emE	2	1				3
UVigo	57	124	11	2	2	196

Varios membros da comisión comentan a baixa participación e a presidenta explica que ao principio había maior número de profesores participantes, pero que moitos foron dándose de baixa debido á complexidade do proceso. Destácase a alta cualificación obtida polos tres profesores participantes.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R2-PE02P1 Informe de responsables académicos.

## **5. Aprobación, se procede, do rexistro R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección.**

A documentación relativa a este punto (Anexo V) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente reunión da CGIC.

Nas semanas previas á reunión elaborouse un documento de traballo para que todas as partes implicadas neste informe puidesen participar na redacción, valoración e reflexión do documento. O intercambio de opinións foi continuo durante o desenvolvemento do documento de traballo que deu como resultado o presente Informe de Revisión pola Dirección.

Tras analizar toda a información a CGIC conclúe que:

- En xeral, non se alcanzaron as metas relacionadas coa admisión e matriculación de estudantes nos graos, aspecto que pode estar a afectar os resultados destes títulos.
- Os resultados académicos dos Graos son mellorables, especialmente no relativo ás taxas de abandono e gradación, polo que deben ser obxecto de atención.
- O grao de satisfacción dos diferentes colectivos do centro é en xeral alto

Así mesmo acórdase:

- Continuar traballando nas accións de mellora pendentes ou realizadas parcialmente.
- Desenvolver a novas accións de mellora propostas

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R3-DO0201P1 R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección.



## 6. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e sete de febreiro de dous mil dezaoito.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 27/02/2018

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 27 de febreiro de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

## ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2017(\*).
2. Informe da Coordinadora.
3. Aprobación, se procede, do Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R2-PE02P1 Informe de responsables académicos.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección
6. Rogos e Preguntas.



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 27/02/2018.





<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 27 de febreiro de 2018</b>	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
Higinio González Jorge	Coordinador Mestrado XI
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Administradora do centro
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Enlace de Igualdade
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Elena Alonso Prieto	Coordinadora Mestrado EM
Miguel Millara Crispín	Representante do Alumnado



## **ANEXO III**

Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso  
2016-17



## **ANEXO IV**

R2-PE02P1 Informe de responsables académicos



## **ANEXO V**

R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección